

Datos estadísticos básicos de Galicia. 2005

COMUNICADO


NO ANO 2004 CREÁRONSE EN GALICIA PRETO DE 15.000 POSTOS DE TRABALLO NETOS O QUE SUPUXO UN INCREMENTO DO 1,4% DA POBOACIÓN OCUPADA

En xaneiro de 2004, Galicia conta con practicamente a mesma poboación que tiña en xaneiro de 2003

A revisión padroal a 1 de xaneiro de 2004 amosa un pequeno descenso nos efectivos poboacionais de Galicia e sitúa á poboación galega en 2.750.985 habitantes, 109 persoas menos que o 1 de xaneiro de 2003.

Os indicadores demográficos amosan que en Galicia o índice de envellecemento (relación entre a poboación maior de 64 anos e a poboación menor de 20 anos) no ano 2002 é de 121,9, é dicir, por cada 100 persoas de menos de 20 anos temos case 122 persoas maiores de 65.

Este índice é moi diferente nas distintas zonas xeográficas galegas e así obsérvase como as comarcas interiores están máis envellecidas que as costeiras.



A ocupación en Galicia no ano 2004 incrementouse nun 1,4% con respecto ao ano anterior

En Galicia a poboación activa no ano 2004 situouse preto do millón trescentas mil persoas, o que supón case trinta mil activos máis que no ano 2003. Por outra parte, a poboación ocupada situouse en torno ao millón cento vinte mil persoas no ano 2004, polo que se crearon con respecto ao ano anterior aproximadamente quince mil postos de traballo netos.

No ano 2004 o número medio de afiliados á seguridade social en alta laboral en Galicia foi de 970.308 persoas, 23.184 afiliados máis que no ano 2003, o que supón un crecemento relativo do 2,4%.

No ano 2004, o paro rexistrado nas oficinas de emprego en Galicia en media anual situouse en 147.423 persoas o que, en comparación coa media anual do ano 2003, significa un incremento do paro rexistrado que non chega ao 1%.

Segundo os datos facilitados pola Agencia Estatal de la Administración Tributaria, no ano 2003 Galicia contaba con 703.042 pensionistas, 1.728 menos que no ano 2002. Por outra parte a pensión media no ano 2003 en Galicia situouse en 7.573 euros anuais, 460 euros máis que a pensión media do ano anterior pero menor que a pensión media anual en España que foi de 8.561 euros. Das fontes tributarias tamén se extrae información sobre asalariados e así o sector da enerxía e da auga, cun salario medio anual de 30.780 euros, é o que maior salario medio anual posúe, seguido do sector das entidades financeiras (25.448 euros anuais) e do sector da educación e sanidade (17.950 euros anuais)

No 2003 en Galicia o gasto medio por fogar en hipoteca sitúase en 342,56 euros ao mes

No ano 2003, en Galicia o gasto medio por fogar en hipoteca foi de 342,56 euros ao mes. Isto supón un lixeiro incremento con respecto ao ano anterior no que o gasto medio por fogar situábase en 318,43 euros ao mes.

No ano 2002 a pesca en Galicia xerou unha cifra de negocio de 922.314 miles de euros

No ano 2002 a cifra de negocios do sector pesqueiro foi de 922.314 miles de euros dos que 665.784 corresponden á pesca extractiva (72,2%), 29.021 ao marisqueo a pé (3,1%) e 227.509 á acuicultura mariña (24,7%). No ano 2002 a cifra de negocio diminuíu con respecto ao ano 2001 en 34.373 miles de euros o que se traduce nunha redución en termos relativos do 3,6 %.

No curso 2004-2005 aumenta o número de alumnos en educación infantil en Galicia

No curso 2004-2005, Galicia conta con 367.049 alumnos dos que 59.574 cursan educación infantil (un 3,4% máis que o curso anterior), 125.113 educación primaria (un 2,7 % menos), 106.378 educación secundaria obrigatoria (un 1,6 % menos), 74.400 educación postobrigatoria

(un 6,9% menos) e 1.584 educación especial (un 0,5% menos). En canto ao número de centros Galicia contaba para o curso 2004-05 de 1.681 centros dos que 1.346 son públicos e 335 son privados.

O número de vivendas a crear en edificación de nova planta aumentou no 2003 un 3,1%


No ano 2003 en Galicia o número de vivendas a crear foi de 26.662, das cales 25.550 se realizaron en edificación de nova planta e 1.112 en rehabilitación. Neste ano o número de vivendas a demoler foi de 1.055, o que supón unha variación neta no parque de vivendas no ano 2003 de 25.607 vivendas.

No ano 2004 en Galicia matriculáronse un total de 97.144 vehículos dos que 79.509 foron turismos

Galicia incrementa no ano 2004 a matriculación de vehículos e continúa co incremento iniciado no ano 2003 despois da tendencia á baixa que viña presentando desde o ano 1999. Así, no ano 2004 matriculáronse en Galicia un total de 97.144 vehículos, un 10,1% máis que o ano anterior.

No ano 2004 tanto a capacidade ofertada como os viaxeiros aumentaron con respecto ao ano 2003

Galicia contaba en decembro de 2004 cunha capacidade ofertada de 55.788 prazas en hoteis, hostais e casas de turismo rural, un 19,6% máis das prazas ofertadas en decembro de 2003. Este aumento nas prazas ofertadas veu acompañado dun aumento no número de viaxeiros entrados, debido, entre outras razóns, á celebración do ano xacobeo. Así, ao longo do ano 2004 entraron 3.847.558 viaxeiros en establecementos hoteleiros e casas de turismo rural, 699.291 viaxeiros máis que ao longo do ano 2003.



Fonte: IGE. Enquisa de ocupación hoteleira
IGE. Estatística de ocupación no turismo rural

No último ano incrementáronse tanto os depósitos como os créditos nas entidades de crédito galegas

En xuño de 2004 os créditos en Galicia acadaron os 34.169 millóns de euros, 4.046 millóns de euros máis que en xuño de 2003, o que supón un incremento do 13,4%. En canto aos depósitos, en xuño de 2004 o valor destes foi de 33.843 millóns de euros, 2.409 millóns de euros máis que en xuño de 2003 (un incremento relativo do 7,7%). Por provincias os resultados presentan discrepancias e así, Lugo e Ourense amósanse aforradoras, con máis depósitos que créditos, mentres que A Coruña e Pontevedra están máis endebedadas, o valor dos créditos é superior aos depósitos.

O PIB estimado para o ano 2003 en Galicia situouse en 40.788 millóns de euros

A contabilidade trimestral de Galicia proporciona un avance do PIB a prezos correntes para o ano 2003 de 40.788 millóns de euros, o que supón unha variación interanual do PIB en termos correntes dun 6,3% e en termos constantes dun 2,4 %. Se analizamos a distribución do VEB por sectores, obsérvase como o sector servizos xera máis do 60% do valor engadido bruto, seguido da industria (16,3%) e da construción (12,9%)

No ano 2004 Galicia contou cun saldo comercial negativo

No ano 2004, o valor das exportacións e expedicións (en adiante exportacións) con orixe Galicia e destino fóra de España acadaron os 10.482.543 miles de euros, valor inferior ao das importacións e introducións (en adiante importacións) que foi de 10.953.559 miles de euros. Isto supón que Galicia compra fóra máis do que vende o que a sitúa cun saldo negativo e cunha taxa de cobertura dun 95,70%. En canto á procedencia e destino dos fluxos, a Unión Europea dos 25 é a orixe do 60% do valor das importacións e o destino do 80 % das exportacións.

Para máis información:

Datos estatísticos básicos de Galicia. 2005
<http://www.ige.xunta.es>

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>
e-mail: ige@xunta.es